

# Erithacus rubecula (Linnaeus, 1758)

	paporrubio
	petirrojo europeo
	txantxangorria
	pit-roig
	european robin
	pisco-de-peito-ruivo



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Turdidae	<i>Erithacus</i>



## ESTADO DE CONSERVACIÓN



## MEDIDAS CORPORAIS

<b>Peso</b>	18 g
<b>Lonxitude</b>	14-16,5 cm
<b>Envergadura</b>	20-22 cm

## ALIMENTACIÓN

Insectívora: formigas, escaravellos, arañas, etc. En inverno, tamén froitos e sementes.

## COMPORTEAMENTO

Ao ser unha ave confiada, é sinxela de observar. É solitaria e territorial; a miúdo pódese ver cantando pousada en sitios destacados. Tamén se despraza a saltos de forma ergueita por camiños forestais. A femia constrúe un niño con herbas e follas secas nos buratos de árbores, muros ou rochas.

## REPRODUCCIÓN

Celo de marzo a xullo. 1-2 postas, nas que hai 4-6 ovos (ás veces 2-8) de cor branca azulada con motas (de diversas formas e cores), que son incubados pola femia durante 12-15 días. Os polos abandonan o niño despois de 12-15 días.

## HÁBITAT

Non ten especificidade: bosques de ribeira ou de montaña, prados, parques, xardíns, etc.

## DISTRIBUCIÓN

Europa, illas atlánticas e norte de África, e en Asia ata os Urales e o mar Caspio.

## CURIOSIDADES

É unha especie extremadamente territorial; incluso as femias fóra de época reprodutora defenden o seu territorio cantando. A mancha laranxa do seu peito tamén é unha forma agresiva de intimidación; experimentos demostraron que esa cor esperta tal agresividade que os paporrubios chegan a atacar panos laranxas.

A forma común é a nominal, pero no noso territorio pode aparecer como invernante e quizais reprodutora a forma "melophilus".